



 **XANDOBELA**  
XESTIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIOEOLÓGICA

[www.xandobela.info](http://www.xandobela.info)  
[info@xandobela.info](mailto:info@xandobela.info)

**IMOS CANTAR OS REIS!**  
**OBRADOIRO PARTICIPATIVO DE RECUPERACIÓN DOS**  
**CANTOS DE REIS**



## FICHA TÉCNICA:

**Destinatarios:** Para público familiar. Ata 40 persoas (os menores de 4 anos terán que vir acompañados dun adulto)

**Duración:** 3 horas > 90 minutos: obradoiro de construción de instrumentos sonoros e de Cantos de Reis | 60 minutos: saída para cantar os Reis e visitas a establecementos do entorno pedindo o aguinaldo | 30 minutos: merenda.

**Recomendacións para os participantes:** traer roupa de abrigo.

## DESCRIPCIÓN:

Os Cantos de Noiteboa, Cantos de Aninovo e Cantos dos Reis son os cantos propios da época do Nadal da tradición oral galega: era común organizarse en cuadrillas para ir pedir o aguinaldo dos veciños/as, de porta en porta, cantando estas pezas tradicionais e xuntar, así, algo de xantar para celebrar unha pequena festa ou paparota.

Esta tradición estase perdendo, como tantas outras manifestacións culturais populares: co esforzo de moita xente anónima, e ao longo dos anos, os cantos e as súas letras fóronse recollendo e recompilando, editando distintos materiais de difusión, discos, creando páxinas web... pero o que é a práctica de ir cantar, de xuntarse, de celebración conxunta coa veciñanza destas datas tan sinaladas... desapareceu practicamente en toda a xeografía galega.

Esta é unha proposta que persegue difundir o patrimonio cultural inmaterial relacionado coa tradición do Nadal galego entre a xente máis nova dunha maneira creativa, participativa e amena: a literatura oral (os Cantos, os romances...); a música (os ritmos e melodías empregas; os instrumentos...); e tamén os rituais relacionados con ir cantar os Reis (pedir licenza; pedir o aguinaldo; os agradecementos...).

A proposta está dividida en tres momentos ben diferenciados:

### **1. OBRADOIRO DE CANTOS DE REIS E CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS SONOROS.**

Logo dunha explicación didáctica de que son os Cantos de Reis, cal é a súa estrutura, como son os ritos e costumes..., aprenderemos un romance sinxeliño e construiremos instrumentos sonoros para acompañar os cantos. Ensaiaremos a posta en escea e prepararemos para saír á rúa.

**Duración:** 90 minutos.

**Espazo:** sala grande, polivalente e cómoda, con mesas e cadeiras que se poidan mover.

### **2. IMOS CANTAR OS REIS!**

Búscase implicar aos establecementos comerciais do entorno, bares, centros culturais, tendas... para que sexan receptivos cando chegue a cuadrilla para cantar os Reis. Esta complicidade é fundamental para que a actividade sexa todo un éxito, polo que é necesario visitar con anticipación aos posibles establecementos que formen parte do itinerario deseñado para informarles do que vai acontecer e para achegarlles o aguinaldo co que agasallarán á cuadrilla. Pódese concebir, polo tanto,

tamén como unha actividade de dinamización de rúa e comercial, ao tempo que os veciños/as se sorprenden coa iniciativa incluso rememorando tempos pasados e participando nos cantos.

**Duración:** 60 minutos.

**Espazo:** as rúas e establecementos comerciais da contorna.

### **3. PAPEROTA FINAL.**

Como peche da actividade, prepárase unha paperota/merenda cos aguinaldos conseguidos.

**Duración:** 30 minutos.

**Espazo:** sala grande, polivalente e cómoda, con mesas e cadeiras que se poidan mover.

## MEMORIA

### ORGANIZACIÓN

Desde a primeira xuntanza no SNL iniciáronse os contactos coas asociacións de comerciantes e asociacións de veciños/as colaboradoras no proxecto. Tivemos xuntanzas presenciais coa Asociación de Comerciantes do Calvario, coa Asociación de Comerciantes de Zona Centro e coa Asociación Veciñal Fonte do Galo, e conversas telefónicas con AETRAVI e coa Asociación Veciñal do Casco Vello. Manifestaron entusiasmo pola iniciativa e puxéronse a disposición para o que fixer falta. Visitamos tamén os espazos dispoñibles, agás no caso do Casco Vello, para o desenvolvemento dos obradoiros e tamén lles manifestamos da conveniencia de que falasen cos comerciantes para prever a participación dun número aproximado de establecementos para o deseño do itinerario para ir pedir o aguinaldo. Logo deste primeiro contacto a coordinación fíxose efectiva a través do correo electrónico e de numerosas chamadas telefónicas: a comunicación foi fluída e eficiente en todos os casos, se ben é certo que no Casco Vello demoraron na resposta e ata os días previos non puidemos xestionar os detalles do proxecto.

O intercambio de datas entre As Travesas e Casco Vello non supuxo maior problema.

Os cantos escollidos foron finalmente estes:

Copla para pedir licenza, estendida por toda a xeografía galega:

ÁS PORTAS ESTAMOS  
AI PARA CANTARE  
SE NOS DAN LICENCIA  
IMOS COMEZARE,  
AI SI, IMOS COMEZARE.

Canto de Reis de Neda do repertorio dos Cempés, do Cancioneiro de Jesús Bal y Gay:

OS TRES REIES MAGOS  
VAN PARA BELÉN  
QUITARON OS ZOCOS  
PARA CORRER BEN  
LUPE DA CAVEIRA  
FÁILLE-LO CAFÉ  
ESPERANZA DE MACARIO  
PENEIRA DE PÉ.

Copla petitoria do aguinaldo, estendida por toda a xeografía galega:

CANTÁMOSCHE OS REICES  
DO QUIQUIRIQUÍ  
SE NON NOS DÁS NADA  
CAGHÁMOSCHE AQUÍ.

Os cantos de Reis acostuman ser moi longos e cunha melodía e ritmo difíciles: optamos por estes cantos e coplas pola súa sinxeleza melódica e simplicidade textual, para que os/as participantes puidesen aprendelos no breve tempo de duración da actividade.

Tivemos moitas dúbidas á hora de transcribir os textos: finalmente, decidimos tentar respectar e ser fieis á tradición oral (parágoxes; *reies*; *licencia*...).

## CONVOCATORIA

Deseñáronse carteis e enviáronse ás asociacións cun mes de antelación. As entidades colaboradoras comprometéronse a facer a difusión da actividade nas súas respectivas zonas. Constáanos que a convocatoria foi desigual: no Calvario coincidiu coas vacacións da técnica da asociación encargada e tardaron en difundir a publicidade; en Rosalía de Castro e nas Travesas fixeron tirada de carteis e colgáronos polos establecementos e tamén empregaron as redes sociais para a convocatoria; no Casco Vello, por razóns que non entendemos, non fixeron convocatoria. En Xandobela fixemos uso das redes sociais para difundir a actividade.

## DESENVOLVEMENTO

**CASCO VELLO :: luns 30 de decembro, de 17h a 20h :: Local da Asociación de Comerciantes**

Só unha vez alí soupemos da escasa publicidade que lle deran á actividade, polo que intuimos que non ían asistir moitas persoas. Veu unha nai cos seus dous fillos e, como ía moi mal tempo, decidimos non saír a pedir o aguinaldo. Fixemos os instrumentos sonoros e 'enredamos' un par de horiñas. Ás 19h recollimos.

**ROSALÍA DE CASTRO :: xoves 2 de xaneiro, de 17h a 20h :: Local da Asociación Veciñal 'Fonte do Galo'**

Un accidente ao pasar Rande demorounos máis de media hora, polo que case non chegamos a tempo. Unha vez no local da asociación, a persoa que nos recibiu comentounos que non fomos moi optimistas, que durante o Nadal a participación dos nenos/as fora moi escasa (cinco nenos/as o día máis exitoso) e que co tempo que ía, o máis probable era que non viñese ninguén. Decidimos esperar e aos dez minutos xa había 11 nenos/as.

Todo transcorreu moi ben: os nenos/as estaban moi motivados e as nais e veciños/as que se foron achegando mostraron o seu entusiasmo.

A pesar da chuvia decidimos saír a pedir o aguinaldo: entre nenos/as, nais, veciños/as, músicos... fomos unhas 22 persoas as que percorrimos un total de seis establecementos. Os comercios quedaron encantados e a xente pola rúa paraba para escoitarnos e gravarnos. A acollida en xeral foi moi boa. Visitamos nove establecementos para convidalos a participar, pero tres nos dixeron que non porque necesitaban o permiso dos xefes.

En definitiva, e contra todo pronóstico, consideramos que foi onde mellor saíu. Recibimos os parabéns dos veciños/as e dos establecementos.

**AS TRAVESAS :: venres 3 de xaneiro, de 17h a 20h :: Local comercial baleiro das Galerías Gran Vía**

A acollida por parte de Chus, a técnica da asociación de comerciantes, foi fantástica e axudounos en todo momento a atraer aos nenos/as e a botarnos unha man en todo o que precisamos. Non obstante, o espazo non era moi acolledor (frío, con ecos e cun mobiliario máis ben cativo...) e pouco transitado, polo que o número de participantes foi pequeno: un total de seis nenos/as e os seus acompañantes (6 adultos/as) participaron desde o comezo da actividade. Non obstante, no pasarrúas xuntouse máis xente e o impacto na rúa foi grande.

Visitamos catro establecementos e ás mesmas galerías: houbo dous comercios que non quixeron participar.

O tempo deunos unha tregua e posibilitou facer o pasarrúas ata a Praza da Independencia para darlle máis visibilidade á actividade.

**O CALVARIO :: sábado 4 de xaneiro, de 10.30h a 13.30h :: Local da Asociación de Comerciantes**

Escasa participación debido ás inclemencias do tempo: as técnicas da asociación comentáronnos que sabían de moitas familias que se botaron atrás no último momento por mor da climatoloxía. Participaron 4 nenos/as e 4 adultos/as e á hora de saír a pedir o aguinaldo formamos un grupo de 15 persoas entre músicos e participantes. Tivemos que reducir tamén o itinerario e finalmente visitamos tan só catro establecementos dos dez mais o mercado que tiñamos previsto visitar. Foi unha mágoa, pois os veciños/as se interesaron moito pola actividade e a disposición da asociación foi moi boa desde o principio.

A pesar de que o **acompañamento musical** estaba previsto que correse tamén por conta de Xandobela (parella de gaita e pandeireta -as mesmas educadoras-), foi un grande acerto contar coa colaboración do cuarteto do Casco Vello, pois axudou a visibilizar o proxecto e gañou en atractivo o pasarrúas.

Tamén consideramos un acerto a xestión do **aguinaldo**: houbo establecementos que deron de *motu proprio* lambonadas á cuadrilla, pero en xeral agradeceron que foran administradas por nós. A merenda como peche da actividade permítenos manter unha conversa cos nenos/as e coas familias de xeito distendido e poder coñecer de primeira man as apreciacións e valoracións do desenvolvemento da actividade (neste caso, sempre recibimos parabéns e mostraron interese por coñecer outras actividades). Ademais consideramos que compartir o aguinaldo conseguido pola cuadrilla e recuperar forzas todos xuntos é fiel á tradición e unha maneira bonita de pechar en alto a actividade.

## INCIDENCIAS

- **Convocatoria no Casco Vello:** non houbo convocatoria específica polo barrio, polo que os veciños/as non souperon da existencia da actividade.

- **Climatoloxía:** é normal que no tempo do Nadal chova e vaia frío, pero coincidiron varios temporais e alertas laranxas que non animaban nin tan sequera a saír da casa.
- **Pouca colaboración por parte dalgúns establecementos:** non foi a tónica xeral, pero houbo establecementos que non quixeron colaborar.

## ASPECTOS A MELLORAR

- **Convocatoria:** envolvendo tamén aos centros de ensino dos barrios para procurar unha maior participación.
- **Locais:** o local cedido pola Asociación de Comerciantes das Travesas nas Galerías Gran Vía non era moi acolledor e estaba pouco transitado. Vendo despois a cantidade de xente que había paseando polas rúas, pensamos que noutra ubicación a actividade tería tido máis participantes.
- **Comunicación directa coa Asociación de Comerciantes do Casco Vello:** de repetir a experiencia, seremos máis insistentes e con maior antelación.
- **Preparar un 'plan B' no caso de que a climatoloxía non nos permita saír á rúa,** pertinente e coherente cos obxectivos que se buscan coa actividade e non só un mero 'parche'.

**Imos cantar os Reis!**  
SÁBADO 4 de XANEIRO de 10:30 a 13:30H.  
NO LOCAL da ACECA  
R/ San Roque, 109



PARA NENOS/AS DE TODAS AS  
IDADES e as súas familias  
[Os menores de 5 anos terán que estar acompañados dunha persoa adulta]

     